

**Convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a Consellería de Medio Rural a través da Dirección Xeral de Defensa do Monte, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Lobeira para fomentar o mantemento e conservación da contorna agroforestal mediante a dotación de medios técnicos**

Ourense, 4 de decembro de 2020,

Por unha banda, Inés Santé Riveira, en representación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora xeral, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 155/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro) e actuando en virtude do seu expresado cargo, e en virtude das facultades delegadas polo acordo da Presidencia de Agader do 11 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 5 de agosto).

Doutra banda, José González Vázquez, conselleiro de Medio Rural, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro polo que se nomean os titulares das Vicepresidencias e Consellerías das Xunta de Galicia (DOG núm. 181 do 7 de setembro), e de acordo coa Resolución do 3 de decembro de 2020 pola que se avoca a competencia delegada do director xeral de Defensa do Monte para sinatura deste convenio.

Doutra, José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense, en nome e representación desta, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 106 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e concordantes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra, Antonio Iglesias Álvarez, en calidade de alcalde do Concello de Lobeira, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.

Todas as partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio de colaboración:

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que as entidades participantes son conscientes da necesidade de manter e conservar a contorna agroambiental de Galicia, da importancia das infraestruturas rurais como elementos xeradores da cohesión económica e social e elemento vertebrador do territorio rural galego, e da necesaria actuación preventiva na loita contra os incendios forestais, que comprometen e ameazan o desenvolvemento rural de Galicia.

**Segundo.-** Que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural é o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e coordinación do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o seu despoboamento. As funcións de Agader aparecen recollidas na lei de creación (disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro), posteriormente modificadas polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996, e a Lei 5/2000 (DOG

núm. 244, do 17 de decembro), e polo apartado dous da disposición derradeira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 250, do 30 de decembro).

De conformidade co disposto na citada Lei 5/2000, do 28 de decembro, entre as funcións da axencia están a de promover e incentivar a cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.

**Terceiro.-** Que segundo o establecido no artigo 11 do Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG Núm. 235, de 11 de decembro), a Dirección Xeral de Defensa do Monte (en adiante, a Dirección Xeral) é o órgano superior e de dirección da Consellería ao que lle corresponde o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais.

**Cuarto-** Os concellos teñen atribuídas, a teor do artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), competencias en materia de conservación de camiños e vías rurais. Esta mesma competencia deriva do artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia .

Por outra banda, o artigo 25.2.d) LRBRL atribúe a estas entidades locais competencia en materia de prevención e extinción de incendios. Esta competencia está igualmente prevista no artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

En particular, en materia de incendios, segundo resulta do artigo 7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, correspóndelle aos concellos adoptar as medidas de prevención de incendios forestais en terreos da súa titularidade, colaborar cos medios dispoñibles coa dirección técnica de extinción de incendios forestais, así como executar as obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa vexetal nas condicións precisas que eviten os incendios.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia establece as distancias mínimas de roza e as zonas de seguridade respecto de casas illadas e núcleos de poboación e redes primarias (infraestruturas lineais de prevención e defensa) de faixas de xestión da biomasa e de seguridade libres de matogueira.

As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa, tal e como se establece no artigo 21 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.

**Quinto .-** Nos termos previstos no artigo 31 da LRBRL correspóndelle á administración provincial asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal. Neste contexto, e competencia das Deputacións Provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito-

**Sexto.-** As infraestruturas rurais xeran cohesión social e territorial e melloran as condicións de vida e traballo no medio rural; en particular, facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio e contribúen ao aumento da competitividade agraria e forestal. Como toda infraestrutura, necesita actuacións periódicas de mantemento, mediante a execución das correspondentes obras, pero tamén de limpeza. A conservación en bo estado e libre de maleza das cunetas e das marxes dos camiños é de vital importancia para manter o bo estado do firme, o que redunda na seguridade na circulación, e na prevención de incendios.

O medio rural constitúe un patrimonio esencial para o desenvolvemento sostible dun país. A súa supervivencia esixe unha loita global contra os incendios forestais, que constitúen unha grave ameaza para calquera política de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sostibilidade económica e social de Galicia. Tendo en conta esta realidade, a política de defensa del medio rural contra los incendios debe comprometer a todas as administracións.

A planificación preventiva da loita contra os incendios no medio rural prevé que a xestión da biomasa existente nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal se realice a través de faixas e de parcelas, situadas en lugares estratéxicos, onde se procede á modificación ou á remoción total ou parcial da biomasa presente. A rede de faixas de xestión de biomasa constitúe o conxunto de parcelas lineais do territorio estratéxicamente localizadas, onde se garante o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas axeitadas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio.

Así mesmo, o mantemento en bo estado e libre de maleza das masas comúns das zonas de concentración/reestruturación parcelaria é unha obriga legal para o titular da masa común, neste caso as de propiedade municipal.

**Sétimo .-** A colaboración que se pretende con este convenio, de claro interese público e social, presenta dificultades para promover a súa concorrencia pública conforme ao disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, nos termos expostos no *Plan específico para fomentar o mantemento e conservación da contorna agroforestal 2020 mediante a dotación de medios técnicos aos concellos que sustenta este convenio*, xa que Agader quere centrar a súa actuación, nun máximo de nove (9) concellos que cumpran os seguintes requisitos e condicións:

1. Que non teñan unha poboación superior aos 3.000 habitantes de acordo co último dato publicado polo Instituto Galego de Estatística do Padrón municipal de habitantes (datos do 1/1/2019).
2. Que non tiveran subvención dentro dos Plans específicos para os anos 2017, 2018 e 2019 que sustentan os Convenios de colaboración subscritos entre a Consellería do Medio Rural e algunhas entidades locais para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.
3. Que non renunciaran nos anos 2017, 2018 ou 2019 aos citados plans específicos.
4. Que conste no expediente a vontade expresa doutra administración de ámbito provincial de cofinanciar a adquisición do tractor e as rozadoiras obxecto do convenio.

E que cumpran ademais algunha das seguintes condicións:

- a) Que estean considerados como concellos Zona Alto Risco de incendios forestais (ZAR) no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia 2020 (Pladiga 2020).
- b) Que no territorio municipal existan parcelas propiedade da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural non arrendadas e incorporadas ao Banco de Terras de Galicia.
- c) Que o concello conte con superficie de monte declarada de utilidade pública.
- d) Que o concello estea adherido ao convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias . De non estar adherido o Concello disporá dun prazo de 3 meses para solicitar a adhesión ao devandito convenio, contados a partir da sinatura do presente convenio.

Tendo en conta o anterior, o Concello de Lobeira cumpre os requisitos e condicionantes expostos e consta no expediente a vontade inequívoca de participar no *Plan específico para fomentar o mantemento e conservación da contorna agroforestal 2020 mediante a dotación de medios técnicos aos concellos*.

Todas as partes acordan a sinatura do convenio de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é dotar os concellos da maquinaria necesaria para acometer as seguintes tarefas:

- Limpeza e mantemento libre de maleza das infraestruturas rurais de titularidade municipal.
- Limpeza e mantemento libre de maleza das masas comúns de concentración/reestruturación parcelaria de titularidade do concello.
- Xestión da biomasa nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa en terreos de titularidade descoñecida ou de titularidade do concello, que non sexan obxecto de actuación de xestión de biomasa no marco do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia ,a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, e tendo en conta sempre as obrigas que establece ás persoas responsables a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

### Segunda.- Actuacións subvencionables

Para realizar as tarefas descritas na cláusula primeira, a axuda obxecto deste convenio destinarase á adquisición por parte dos concellos da seguinte maquinaria:

- Un vehículo tractor.
- Unha rozadoira de arrastre.
- Unha rozadoira de brazo.

A referida maquinaria deberá cumprir coas características técnicas mínimas que se detallan no anexo ao presente convenio.

Ao abeiro deste convenio non se subvenciona maquinaria de segunda man.

### Terceira. Obrigas do Concello de Lobeira

Co fin de garantir a execución do obxecto do presente convenio, o Concello de Lobeira comprométese a:

- Adquirir a maquinaria subvencionada de acordo cos procedementos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
- Financiar o IVE, dentro da partida orzamentaria que corresponda. O importe correspondente ao IVE financiarase obrigatoriamente polo concello e non se considerará gasto subvencionable nin por Agader nin por ningunha outra Administración Pública, organismo ou ente público ou privado, nacional ou internacional.
- Destinar a maquinaria subvencionada ás labores limpeza e mantemento dos camiños e estradas de titularidade municipal así como ás labores de xestión da biomasa nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa de ámbito municipal para a protección dos núcleos poboacionais delimitados nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais e que non sexan obxecto de actuacións de xestión de biomasa no marco do Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia a Fegamp e Seaga citado na cláusula primeira, e, de selo caso, das masas comúns das zonas de concentración/reestruturación parcelaria do seu ámbito territorial de titularidade municipal.
- Destinar a maquinaria subvencionada ás funcións de prevención de incendios forestais contempladas no correspondente convenio de colaboración suscrito entre o concello e a Consellería do Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, durante a súa vida útil e en ningún caso por un tempo inferior a 5 anos, preferentemente en terreos incluídos dentro de termo municipal de Lobeira, salvo acordo coa Consellería do Medio Rural para levar a cabo as devanditas funcións en terreos incluídos dentro doutros concellos do mesmo distrito forestal.
- Participar, a petición da Consellería do Medio Rural, por un período non inferior a 3 meses por ano, na execución das actuacións incluídas no Plan preventivo autonómico, coordinando as labores que contemplan o uso da maquinaria adquirida co distrito forestal.
- Manter a maquinaria subvencionada en condicións mecánicas e de dotación, así como estar ao corrente en toda a documentación do vehículo, e cumprir coas obrigas administrativas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de aseguramento, impostos, etc.
- Inscribir a maquinaria no rexistro oficial de maquinaria agrícola (ROMA).

-Destinar a maquinaria subvencionada ao cumprimento das finalidades descritas neste convenio durante toda a súa vida útil e en ningún caso por un tempo inferior a 5 anos a contar desde a data da certificación final da subvención.

-Efectuar as reparacións e revisións o antes posible e sempre a conta deste, para garantir o seu continuo funcionamento.

-Rotular a maquinaria subvencionada, con inclusión dos logotipos das administracións cofinanciadoras (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Deputación Provincial de Ourense e concello).

- Presentar á Consellería do Medio Rural, con carácter anual, unha memoria básica da actividade da maquinaria adquirida, que cubra como mínimo un período de 6 meses, exceptuado o período no que participe, en coordinación co distrito forestal, na execución das actuacións incluídas no Plan preventivo autonómico.

-Colaborar a petición de Agader, nas tarefas de limpeza e mantemento das parcelas non arrendadas que sexan de titularidade desta entidade, e estean incorporadas ao Banco de Terras de Galicia. -Facilitar a inspección e control da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural co obxecto de supervisar o cumprimento das actividades previstas no convenio e que permitan a esta a xustificación financeira perante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e o Tribunal de Contas, así como as comprobacións previstas na lexislación do Consello de Contas. Facilitar a inspección que sexa requirida pola Deputación Provincial de Ourense.

Co fin de optimizar a utilización dos recursos públicos, e sempre que quede garantido o cumprimento da finalidade deste convenio, o concello beneficiario poderá acordar a cesión de uso temporal e gratuíta dos bens subvencionados a favor doutro/s concello/s da mesma provincia . Neste caso, deberá comunicar a Agader esta cesión de uso e remitir a documentación administrativa que a sustente.

O Concello de Lobeira , con carácter previo á sinatura do convenio, presentará a seguinte documentación:

-Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Declaración xurada na que conste o compromiso de cumprimento das obrigas contempladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do disposto no Artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Autorización a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas. A dita autorización estará en vigor durante a vixencia do presente convenio. No caso de que expresamente denegue esta consulta, o concello deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que non ten pendente de pagamento débeda ningunha coa Comunidade Autónoma de Galicia.

-Certificación acreditativa de que o Concello cumpriu co deber de remitir ao Consello de Contas as contas xerais do último exercicio a que estea legalmente obrigado.

#### Cuarta.- Gastos subvencionables

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada. Considérase o gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

O orzamento máximo de gasto subvencionable para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio é o seguinte:

Actuacións	Importe máximo subvencionable	Importe total investimento (IVE incluído)
-Adquisición do vehículo tractor		
-Adquisición dun apeiro rozadoiro de arrastre	100.000 €	121.000 €
-Adquisición dun apeiro rozadoiro de brazo		

Ø IVE non terá a condición de gasto subvencionable. Nos termos previstos na cláusula terceira, correspóndelle ao concello asumir o seu importe.

#### Quinta.- Dotación orzamentaria

A dotación orzamentaria para subvencionar as actuacións incluídas neste convenio é 100.000 €, coa seguinte distribución plurianual e por fontes financeiras:

Anualidade	Importe	Desagregación por fontes financeiras	
		Deputación Provincial Ourense	Agader
2020	15.000 €	0 €	15.000 €
2021	85.000 €	50.000 €	35.000 €
TOTAL	100.000 €	50.000 €	50.000 €

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural financiará as actuacións vinculadas a este convenio con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A-760.0 (código de proxecto 2017-0003) dos orzamentos xerais da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (modalidade 1010).

A Deputación Provincial de Ourense financiará as actuacións previstas neste convenio con cargo á partida orzamentaria que se determine.

O financiamento das actuacións obxecto do presente convenio será compatible con outras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, sempre que o importe acumulado das axudas non supere o custo total da actividade subvencionada.

#### **Sexta.- Xustificación das actuacións subvencionadas.**

##### I. Prazos de xustificación

O Concello de Lobeira estará obrigado a xustificar as actuacións subvencionadas ante Agader e ante a Deputación Provincial de Ourense, nos prazos e termos que a continuación se refiren:

-Xustificación parcial (anualidade 2020): Deberá presentarse diante de Agader a correspondente xustificación antes do 10 de decembro de 2020.

-Xustificación final (anualidade 2021): Deberá presentarse diante de Agader e a Deputación Provincial de Ourense a correspondente xustificación antes do 1 xullo de 2021.

##### II. Documentación xustificativa

Os investimentos xustificaranse documentalmente nos seguintes termos:

-Factura/s rexistradas no Punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar.

A factura deberá indicar de xeito indubitado, a marca, modelo e número de serie dos equipos subvencionados, así como das súas características técnicas.

-Aprobación das correspondentes facturas por parte do órgano municipal competente.

-Xustificante bancario do pago (transferencia bancaria ou certificación bancaria) que deberá identificar o número de factura obxecto de pagamento, o concepto facturado, entidade que realiza o pagamento e o destinatario. Os xustificantes bancarios tramitados a través da banca electrónica deberán vir validados co selo da entidade bancaria correspondente.

-Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia.

-Certificación ou informe da persoa titular da Secretaría ou da Intervención da entidade local ou, de ser o caso, do/a empregado/a público/a que, de acordo coa estrutura organizativa do concello, teña atribuída as competencias en materia de contratación pública, acreditativa do/s procedemento/s de contratación pública seguido/s para a contratación da maquinaria subvencionada.

-Para o caso de que se tramiten contratos menores, deberán achegarse tres ofertas solicitadas a tres provedores independentes para os citados gastos.

-Certificación dun técnico municipal relativa á adecuación técnica da maquinaria subvencionada ás especificacións que figuran no anexo I a este convenio.

#### Sétima.- Pagamento

Con cargo á anualidade 2020 poderá realizarse un pagamento a conta por contía equivalente ao importe que se xustifique, sen que exceda da anualidade prevista nese exercicio, segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. De acordo co cadro orzamentario previsto na cláusula quinta deste convenio, o citado pagamento realizarase con cargo ao orzamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Con cargo á anualidade 2021 non se concederán pagamentos a conta, de xeito que unicamente se practicará a liquidación do expediente mediante os pagamentos finais que, dentro dos importes máximos previstos na cláusula quinta, corresponden a Agader e á Deputación Provincial de Ourense.

Se como resultado dos procedementos de contratación existisen baixas na licitación, a diferenza repercutirá por partes iguais nas achegas máximas de Agader e da Deputación Provincial de Ourense.

En ningún caso se tramitarán pagamentos anticipados.

O concello está exento da constitución de garantías, nos termos previstos no artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009.

#### Oitava.- Modificación da concesión

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención poderá dar lugar á modificación do convenio polo que se regula a presente subvención.

2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos ou os prazos recollidos no presente convenio, a persoa titular da Consellería do Medio Rural poderá acordar a modificación do convenio a instancia do beneficiario sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade ou modificación estea comprendida dentro do obxecto deste convenio de colaboración.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros/as.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

3. O Concello deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos reflectidos no punto anterior. De non facelo poderá implicar a perda da subvención afectada pola modificación e, no caso de que esta implique unha variación substancial, a perda total da subvención concedida.

4. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, logo da instrución do correspondente expediente ao cal se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta modificación materializarase coa correspondente Addenda de modificación deste convenio.

#### **Novena.- Minoración da subvención**

Procederá a minoración da subvención concedida cando as actuacións desenvolvidas e xustificadas ao abeiro do presente convenio teñan un custo inferior ao orzamento establecido nas súas cláusulas. Producirase a perda do dereito ao cobramento parcial polo importe de minoración da subvención.

#### **Décima.- Reintegro**

Procederá o reintegro parcial ou total dos fondos percibidos no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, os criterios de gradacións dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar serán os seguintes:

O incumprimento total dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización dos gastos subvencionables, ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobro, ou no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda concedida.

Calquera outro incumprimento considerárase incumprimento parcial dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización do investimento subvencionable ou da obrigación de xustificación e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuado ou non xustificada. En concreto, considerárase como tal o incumprimento do establecido nos compromisos recollidos nos parágrafos cuarto e quinto da cláusula Terceira.- *Obrigas do Concello de Lobeira.*

A realización de modificacións non autorizadas no orzamento subvencionable, suporá a perda do dereito ao cobro.

Terán a consideración de infraccións leves as establecidas no artigo 54 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que poderá dar lugar ás sancións pecuniarias establecidas no artigo 59 da devandita Lei 9/2007.

As infraccións graves e moi graves en materia de subvencións, recollidas nos artigos 55 e 56 respectivamente da Lei 9/2007, poderán dar lugar ás sancións previstas no artigo 60 e 61 respectivamente.

#### **Décimo primeira.- Comisión de seguimento**

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada pola directora xeral de Agader, polo presidente da Deputación Provincial de Ourense, polo alcalde/alcaldesa do Concello de Lobeira ou, de ser o caso, polas persoas nas que deleguen.

A dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

#### **Décimo segunda.- Vixencia**

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2021

#### **Décimo terceira.- Resolución**

O presente convenio resolverase por incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan ou polo transcurso do tempo estipulado sen que se realicen os investimentos. Así mesmo, poderase resolver por denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte cun mes de antelación.

#### **Décimo cuarta.- Transparencia**

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

#### **Décimo quinta.- Tratamento de datos de carácter persoal**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

#### **Décimo sexta.- Natureza**

O presente convenio ten natureza administrativa, e como tal excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26

de febreiro de 2014 (artigo 6.1), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

Rexerese polas súas propias cláusulas e suplementariamente, polas normas xerais do dereito administrativo. En particular:

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- Acordo do Consello da Xunta, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº. 82, do 30 de abril).
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

E, en proba de conformidade, asíñase o presente convenio no lugar e data indicado no encabezamento.

A directora xeral de Agader  
P.D. (Resolución do 24.07.2013;  
DOG núm. 148, do 5 de agosto)

  
Inés Santé Riveira

O Presidente da Deputación Provincial de Ourense

  
José Manuel Baltar Blanco

O conselleiro de Medio Rural

Por avocación (Resolución do 03.12.2020)

  
José González Vázquez

O Alcalde de Lobeira

  
Antonio Iglesias Álvarez

## ANEXO

Deberá existir unha correspondencia entre as características do vehículo tractor e o das rozadoiras que se menciona a continuación:

### VEHÍCULO TRACTOR

- Tracción ás 4 rodas
- Motor
  - Potencia mínima igual ou superior a 130 CV
  - Par máximo mínimo: 500 Nm (ás rpm que corresponda)
  - 4 cilindros mínimo
  - Con filtro de aire
- Transmisión e caixa de cambios
  - Embrague accionamento hidráulico ou electrohidráulico
  - Inversor electrohidráulico baixo par
- Toma de forza
  - Disco de embrague independente
  - Accionamento electrohidráulico cun mínimo de 2 velocidades (540/1000 rpm)
- Equipo hidráulico
  - Forza alzamento brazo: en función da rozadoira de brazo
  - Circuito hidráulico: caudal mínimo de 95 l/min
- Outras
  - Ángulo de xiro de dirección 55 grados
  - Cabina insonorizada con calefacción e aire acondicionado
  - Equipado con todas las luces e sinalización prevista para circulación por estrada.
  - Faros rotativos a ambos lados da parte superior da cabina, sobre brazos e desmontables.
  - Avisador acústico marcha atrás.
  - Sistema de contrapesos necesarios para o desenvolvemento de traballos cas maquinas desbrozadoras obxecto de suministro.



## ROZADOIRAS

### Trituradora

- Con rotor de martelos
- Desprazamento hidráulico lateral e vertical do tractor
- Ancho de traballo mínimo: 2 m
- Rodillo mínimo de 220 mm
- Diámetro mínimo bulón de suxeición do martelo 26 mm
- Mínima 6 correas
- Espesor mínimo do rotor 12 mm
- Disparador de seguridade

### ROZADOIRA de brazo

- Cabezal adiantado
- Alcance: 3 – 5,5 m
- Cabezal de 1,15 – 1,25 m adaptable a coitelas e martelos con dobre senso de xiro reversible e rotación
- Diámetro mínimo da coitela 24 mm
- Sistema de refrixeración axeitado
- Os apeiros serán totalmente desmontables, permitindo utilizar o vehículo para traballos de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.